



ORDE do 2 de outubro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas ao desenvolvemento de áreas de estacionamento seguras e protexidas para vehículos de transporte de mercadorías (AESP), na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para as anualidades 2023 e 2024 (Código de procedemento IF313A).

O transporte por estrada é un sector estratéxico de calquera economía, como vén demostrando o crecemento da importancia das cadeas de subministración nacionais e internacionais. Isto fai que o volume de cargas que viaxan ao longo das nosas estradas vaia en aumento ano a ano e, a pesar de que outros modos de transporte poden suplir en parte as demandas, o transporte de mercadorías por estrada é na actualidade e seguirá sendo nun futuro próximo imprescindible. Con todo, para o seu desenvolvemento existe un inconveniente severo que resta competitividade ao sector e a Galicia como territorio loxístico.

Este non é outro que a ausencia de áreas de estacionamento seguras e protexidas (AESP), unhas pezas crave no transporte que permiten ao condutor facer en condicións adecuadas os descansos aos que está obrigado por lei ou simplemente estacionar adecuadamente o vehículo.

Neste sentido, existen dous niveis de AESP: AESP de concentración, dotadas de máis servizos e que se sitúan en grandes polos de atracción de mercadorías, e AESP de tránsito, localizadas para realizar descansos en ruta. Actualmente en Galicia a oferta das primeiras é moi limitada, e a oferta das segundas é inexistente.

Doutra banda, a importancia da creación de áreas de estacionamento seguras e protexidas aumenta chegando a considerarse elemento de competitividade para o transporte de mercadorías. A intención destas axudas é promover a creación de Áreas de Estacionamento Seguras e Protexidas en Galicia coa intención de crear unha Rede Autonómica de Aparcadoiros Seguros que poida ser incluída na Rede Nacional.

En virtude do exposto, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:





Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, destinadas ao desenvolvemento de áreas de estacionamento seguras e protexidas para vehículos de transporte de mercadorías (AESP), na Comunidade Autónoma de Galicia, e convocalas para as anualidades 2023 e 2024 (Código do procedemento IF313A).

2. A súa finalidade é impulsar o desenvolvemento de áreas de estacionamento seguras e protexidas certificadas conforme os requisitos establecidos no Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ao establecemento de normas que detallan o nivel de servizo e a seguridade das zonas de estacionamento seguras e protexidas, así como aos procedementos para a súa certificación, para garantir, que os condutores de vehículos de transporte de mercadorías por estrada teñan a posibilidade de acceder con facilidade a este tipo de infraestruturas na Comunidade Autónoma de Galicia, nas que poidan descansar con seguridade, e que dispoñan das instalacións adecuadas que lles permitan acceder a todos os servizos necesarios.

Artigo 2. *Financiamento*

1. As subvencións que se concedan financiaranse con cargo aos orzamentos da Dirección Xeral de Mobilidade para os exercicios 2023 e 2024, e imputaranse as aplicacións orzamentarias 09.02.512A.770.0 e 09.02.512A.780.1, consonte o seguinte réxime e distribución:

Aplicación	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Total
09.02.512A.770.0	50.000 €	350.000 €	400.000 €
09.02.512A.780.1	0 €	100.000 €	100.000 €
Total	50.000 €	450.000 €	500.000 €

De acordo co establecido no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a alteración da citada distribución non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.





2. O importe previsto poderá ampliarse como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e, se é o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Isto podería dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación das solicitudes que resulte da aplicación dos criterios fixados nas bases que rexen a convocatoria.

De producirse a ampliación de crédito, publicarase no DOG e no portal de internet do órgano concedente, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.

3. As axudas recollidas nesta orde quedan suxeitas ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE do 24 de decembro, L352/1). A contía total das axudas de minimis concedidas a unha empresa non poderá exceder dos 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Este limiar aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido.

As axudas de minimis non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se tal acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas xurídicas e as persoas traballadoras autónomas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Actuacións subvencionables e requisitos que deben cumprir*

1. Son subvencionables todas as actuacións que teñan como finalidade o desenvolvemento de áreas de estacionamento seguras e protexidas para vehículos de transporte de mercadorías.

2. As áreas de estacionamento resultantes deben:

a) Estar situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.





- b) Obter unha certificación de nivel Prata, Ouro ou Platino, de acordo co establecido no Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ao establecemento de normas que detallan o nivel de servizo e a seguridade das zonas de estacionamento seguras e protexidas, así como aos procedementos para a súa certificación.
- c) Contar cun peche perimetral ou barreira física de, polo menos, 1,80 m de altura. Entre a barreira ou peche e a zona de estacionamento haberá unha zona libre de 1 metro.
- d) Reservar unha porcentaxe mínima de prazas de aparcamento de rotación do 20%. Para os efectos da presente subvención, entenderanse por prazas de rotación aquelas que non están suxeitas a contratos de duración superior á diaria
- e) Ter, cada unha das prazas de aparcamento, unhas dimensións mínimas de 3,30 metros de ancho por 16,50 metros de longo.
- f) Ter as limitacións de prezo seguintes:

- Prezo máximo por hora: 1,50 €
- Prezo máximo por día: 12,00 €

Estes prezos poderanse actualizar cada ano conforme ao IPC vixente. Así mesmo, non existirá impedimento para que se compensen polo uso doutras instalacións do complexo, como gasolineira, cafetería ou restaurante, hotel, etc.

Artigo 5. Contía da subvención

A contía da subvención calcularase en función do número de prazas de aparcamento da área de estacionamento que cumpran os requisitos esixidos nestas bases.

A contía por praza de aparcamento é de 2.000 euros. O importe máximo por solicitude é de 120.000 euros.





Artigo 6. *Réxime de compatibilidade*

1. As subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que non se supere o 100 % do investimento subvencionable ou, se é o caso, o límite máximo establecido na normativa que resulte de aplicación.
2. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos previstos no artigo 16.

Artigo 7. *Órganos competentes*

1. A Dirección Xeral de Mobilidade é o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención.

En particular, o órgano instructor recibirá as solicitudes e comprobará os seus requisitos formais. Así mesmo, encargárase de elevar as propostas de resolución, provisionais e definitivas, analizará as alegacións e os documentos presentados, solicitará informe á comisión de valoración cando sexa preciso e realizará cantas outras funcións adicionais considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formular a proposta de resolución.

2. A Dirección Xeral de Mobilidade é o órgano competente para a resolución do procedemento, por delegación da persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en virtude do expresado no Decreto 118/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e na disposición adicional primeira desta orde.

3. A comisión avaliadora é o órgano competente para valorar as solicitudes presentadas e elaborar o informe previsto no artigo 13.





As persoas que a integran serán designadas entre o seu persoal polo órgano competente para a resolución da concesión, excepto unha delas, que será designada entre o persoal da Administración autonómica de Galicia non dependente do órgano convocante. Non poderán formar parte dela as persoas que posúan a condición de alto cargo nin o persoal eventual.

Esta comisión terá a seguinte composición:

- Presidencia: Subdirección Xeral de Infraestruturas e Planificación do Transporte
- Vogalías: Unha persoa dependente da Dirección Xeral de Mobilidade e unha persoa dependente da Axencia Galega de Infraestruturas
- Secretaría: Unha persoa dependente da Dirección Xeral de Mobilidade

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade poderán ser substituídos por unha persoa designada polo órgano convocante coas mesmas condicións.

A comisión axustará o seu funcionamento ás disposicións sobre órganos colexiados contidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No momento da constitución da comisión, as persoas integrantes deixarán constancia da ausencia dun conflito de intereses respecto das persoas solicitantes da subvención, feito que poderá ser manifestado mediante unha declaración expresa ou mediante unha manifestación na acta de constitución.

Para o caso de que, con posterioridade á formulación de tales declaracións responsables, se coñecese un posible conflito de intereses, a persoa da comisión na que concorra tal circunstancia absterase de participar no procedemento, comunicarao ao superior xerárquico e o órgano deberá substituíla por outra seleccionada entre o seu persoal, ou entre o persoal doutro departamento non dependente, segundo corresponda.

Artigo 8. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.





De conformidade co previsto no artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes é de un (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 9. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Memoria da actuación para a que solicita a subvención, que deberá conter, como mínimo, os seguintes apartados:

a).1º. A descrición clara das instalacións existentes na actualidade, indicando de forma expresa a localización do aparcadoiro (achegando coordenadas do mesmo), a vía de alta capacidade, estrada nacional ou autonómica da rede estruturante á que presta servizo, o número de prazas para os que solicita a axuda e as características das instalacións dispoñibles, achegando a documentación gráfica necesaria (planos e fotografías).

a).2º. A descrición das actuacións que se van desenvolver como parte dos elementos de seguridade, identificando cada un dos elementos de forma individual (peche perimetral, iluminación, sistema de vídeo-vixilancia, etc.).

a).3º. A descrición das actuacións que se van desenvolver como parte dos servizos aos usuarios, identificando cada un dos elementos de forma individual (aseos e duchas, comedor, *vending*, internet, electricidade, etc.).





a).4º. Planos e descrición do aparcadoiro deseñado para o que se solicitará a subvención, no que se especifique o número de prazas previsto cunhas dimensións mínimas de 3,30 m. x 16,50 m. e a súa viabilidade en función das vías e carrís de acceso a cada unha das prazas.

a).5º. Descrición do réxime de explotación futuro proposto, identificando o número de prazas de aparcamento totais, número de prazas de aparcamento destinadas a rotación, e prezos propostos.

a).6º. Información relativa aos criterios de valoración:

Criterio 1. Distancia á vía de alta capacidade, estrada nacional ou autonómica da rede estruturante de referencia para o aparcadoiro.

Criterio 2. Intensidade media diaria de vehículos pesados na vía de alta capacidade, estrada nacional ou autonómica da rede estruturante de referencia para o aparcadoiro.

Criterio 3. Nivel de Calidade proposto segundo o Regulamento Delegado (UE) 2022/1012 da Comisión.

Criterio 4. Servizos adicionais aos mínimos.

Criterio 5. Número de conexións eléctricas para vehículos refrixerados.

Criterio 6. Número de prazas propostas en réxime de rotación.

b) Documentación acreditativa da representación, no caso de actuar a través de representante.

c) Documentación acreditativa da constitución da persoa solicitante

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.





2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable de procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no apartado anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo dos documentos e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a. DNI/NIE da persoa solicitante.
- b. DNI/NIE da persoa representante.
- c. NIF da entidade solicitante.
- d. NIF da entidade representante.
- e. Certificado de alta no Imposto de actividades económicas da persoa solicitante (IAE)
- f. Alta na Seguridade Social a data concreta.





- g. Certificado de estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social.
- h. Certificado de estar ao corrente de pagamento coa Xunta de Galicia para percibir axudas ou subvencións das Administracións Públicas.
- i. Certificado de estar ao corrente de pagamento coa AEAT para subvencións e axudas.
- j. Concesións de outras subvencións e axudas.
- k. Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo a carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Criterios de valoración*

1. Os criterios que se utilizarán para ponderar os proxectos serán valorados mediante a seguinte formula.

$$\text{Puntuación} = \alpha_1 \times C_1 + \alpha_2 \times C_2 + \alpha_3 \times C_3 + \alpha_4 \times C_4 + \alpha_5 \times C_5 + \alpha_6 \times C_6$$

Sendo, onde C_n é a puntuación obtida no criterio n, e α_n é a ponderación asignada ao criterio n.

A máxima puntuación que se pode obter é de 100 puntos.





Os criterios considerados e a súa ponderación recóllense na seguinte táboa:

Nº Criterio	Criterio	Valoración do criterio	Ponderación (X)
1	Distancia en quilómetros por estrada desde o aparcadoiro a vía de alta capacidade (autovía, autoestrada ou vía para automóviles), estrada nacional ou autonómica da rede estruturante asociada ao aparcadoiro	Ata 2 km: 10 puntos Máis de 2 e ata 4 km: 8 puntos Máis de 4 e ata 6 km: 6 puntos Máis de 6 e ata 8 km: 4 puntos Máis de 8 e ata 10 km: 2 puntos Máis de 10 km: 0 puntos	20
2	Intensidade media diaria de vehículos pesados na vía de alta capacidade (autovía, autoestrada ou vía para automóviles), estrada nacional ou autonómica da rede estruturante asociada ao aparcadoiro, expresada en número de vehículos pesados	Máis de 2.000 ao día: 10 puntos De 1.501 a 2.000 ao día: 8 puntos De 1.001 a 1.500 ao día: 6 puntos De 501 a 1.000 ao día: 4 puntos De 101 a 500 ao día: 2 puntos De 0 a 100 ao día: 0 puntos	10
3	Nivel de calidade proposto para a AESP segundo o Regulamento Delegado (UE) 2022/1012 da Comisión	Nivel Platino: 10 puntos Nivel Ouro: 5 puntos Nivel Prata: 0 puntos	30
4	Existencia de servizos adicionais aos mínimos, formando parte das instalacións do aparcadoiro ou ligadas ao mesmo	Gasolineira: 5 puntos Cafetería / Restaurante: 4 puntos Hotel: 1 punto	20
5	Dispoñibilidade de conexións eléctricas para vehículos refrixerados	Máis de 2 conexións: 10 puntos 2 conexións: 6 puntos 1 conexión: 4 puntos Sen conexións: 0 puntos	10
6	Prazas de rotación adicionais ás mínimas	Máis do 20% de prazas de rotación adicionais: 10 puntos Máis do 15 e ata o 20% de prazas de rotación adicionais: 8 puntos Máis do 10 e ata o 15% de prazas de rotación adicionais: 6 puntos Máis do 5 e ata o 10% de prazas de rotación adicionais: 4 puntos Ata o 5% de prazas de rotación adicionais: 0 puntos	10

No criterio 1, a distancia do aparcadoiro á vía de alta capacidade, estrada nacional ou autonómica da rede estruturante, medirase desde o acceso ao aparcadoiro ata o inicio do ramal de conexión máis próximo ao tipo de vía mencionado asociada ao aparcadoiro, como distancia real a percorrer por vías de acceso público.

No criterio 2, a intensidade media diaria de vehículos pesados na vía de alta capacidade, estrada nacional ou autonómica da rede estruturante de referencia tomarase como o valor máis actual dispoñible no tramo máis próximo ao aparcadoiro, segundo as memorias de aforos publicadas polo organismo titular da vía (Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ou a Axencia Galega de Infraestruturas).





No criterio 3, o nivel de calidade proposto para a obtención da subvención, que será o que posteriormente certifique o organismo acreditado.

No criterio 4, os servizos adicionais aos mínimos deberán existir ou atoparse en execución, no momento de solicitarse a subvención e formar parte dos servizos prestados pola persoa física ou xurídica que solicita a subvención.

No criterio 5, o número de conexións eléctricas propostas formará parte das condicións mínimas esixidas para o cumprimento dos criterios necesarios para recibir a subvención.

No criterio 6, calcularase por unha banda o número mínimo de prazas de rotación esixidas no aparcadoiro. Calcularase posteriormente a porcentaxe de incremento que supoñen as prazas de rotación propostas respecto as prazas de rotación mínimas calculadas.

2. A subvención concederase, en primeiro lugar, á solicitude de cada provincia que obtivese a máxima puntuación entre todas as desa mesma provincia, de acordo coa orde de prelación que resulta da aplicación dos criterios de valoración sinalados no apartado anterior. A continuación, de existir crédito, concederase ao resto das solicitudes, comezando polas que obtivesen a puntuación máis alta na citada prelación sen ter en conta a provincia na que se atopen, ata esgotar o crédito dispoñible.

3. No suposto de que algunha entidade beneficiaria renunciase á subvención ou non a aceptase, así como no caso dunha ampliación do crédito, e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás solicitudes seguintes na orde de puntuación.

4. En caso de empate utilizarase como criterio de desempate a maior puntuación obtida na orde de prelación que se indica a continuación, referido ao número dos criterios indicados no apartado anterior: 3-1-4-2-6-5. De persistir o empate, unha vez aplicados estes criterios, prevalecerá a solicitude cuxa data e hora de presentación fose anterior segundo conste no Rexistro Electrónico Xeneral e, se non hai máis remedio, prevalecerá aquela a que o sistema lle asigne automaticamente o número de entrada máis baixo.





Artigo 13. *Procedemento de concesión*

1. O procedemento que se empregará para a concesión das axudas será o de concorrência competitiva contemplado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Unha vez recibidas as solicitudes, o órgano competente para a instrución do procedemento comprobará se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixera, se considerará que a persoa interesada desiste da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Revisadas as solicitudes e feitas as emendas, se é o caso, remitirá os expedientes administrativos á comisión encargada da súa valoración.

3. A continuación, a Comisión de Avaliación procederá á avaliación das solicitudes remitidas e emitirá un informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

Este informe conterá unha relación na que consten as solicitudes e a puntuación que lle corresponde a cada unha, de acordo co previsto no artigo 12 destas bases, ordenada de forma decrecente, e será remitido ao órgano competente para a instrución do procedemento.

4. Finalizado o trámite anterior, o órgano instrutor elevará o informe da Comisión de Valoración, xunto coa proposta de resolución, ao órgano competente para resolver a concesión das subvencións.

Artigo 14. *Prazo máximo de resolución e notificación*

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución expresa é de tres meses (3), segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.





2. O vencemento do dito prazo sen que se notifique a resolución expresa faculta a persoa interesada para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 15. *Aceptación e renuncia*

1. Transcorridos dez (10) días hábiles desde a notificación da resolución sen que a persoa beneficiaria comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de persoa beneficiaria.

2. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia, ditarase a correspondente resolución que se notificará a persoa interesada por medios electrónicos.

Artigo 16. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, o órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia da persoa beneficiaria, sempre que se cumpran os límites e os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 17. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. Sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán obrigadas a:





- a) Executar a actuación que fundamenta a concesión da subvención no prazo establecido segundo o disposto nestas bases e xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión.
- b) Conservar os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así como a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de 5 anos a partir da recepción do último pago.
- c) Comunicar ao órgano convocante a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos concorrentes que financien as actuacións, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen dita concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente a solicitude de pago coa xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos subvencionados ao abeiro desta orde.
- e) Adoptar medidas de información e comunicación (carteis informativos, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.) e incorporar de forma visible no material de difusión das actuacións subvencionadas o seu financiamento por parte da Xunta de Galicia, de xeito que se cumpra coa obriga establecida no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Ademais, debe instalar e exhibir un panel de tamaño A3 (297×420 mm) no acceso ao recinto, que faga referencia clara e inequívoca á axuda concedida, con expresión dos datos identificativos desta orde, conforme ao manual de identidade corporativa (<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).





- f) Obter unha certificación válida emitida por un organismo certificador acreditado, segundo o nivel proposto pola persoa solicitante da subvención no anexo I, ou superior, en cumprimento do Regulamento Delegado (UE) 2022/1012 da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ao establecemento de normas que detallan o nivel de servizo e a seguridade das zonas de estacionamento seguras e protexidas, así como aos procedementos para a súa certificación, e mantela durante un período mínimo de 6 anos.
- g) Manter as condicións impostas na concesión da subvención durante un período mínimo de 6 anos desde a data de obtención da certificación indicada no apartado anterior.
- h) Fornecer toda a información necesaria para que o órgano concedente poida dar cumprimento ás obrigacións previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obrigación serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- j) No caso de non poder realizar a actuación para a cal se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución.

Artigo 18. Subcontratación

1. As persoas beneficiarias poderán concertar con terceiras persoas a execución das actuacións subvencionadas ata unha porcentaxe máxima do 100 % do custo total de cada unha das actividades subvencionadas a través desta convocatoria, coas condicións e requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as persoas beneficiarias, que asumirán ante a Administración a responsabilidade da execución da actividade subvencionada, así como de que se respecten os límites establecidos nestas bases en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixirán aos contratistas os documentos acreditativos dos pagos correspondentes.





3. Os subcontratistas están suxeitos ao deber de colaboración para permitir as actuacións de control e quedan obrigados a facilitar aos organismos de auditoría e control autonómicos, nacionais ou europeos tanta documentación e información lles sexa requirida relativa ás actividades subcontratadas.

4. A negativa ao cumprimento desta obrigaón considerárase resistencia, escusa, obstrución ou negativa para os efectos previstos no artigo 22.3.c) destas bases, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, puidesen corresponder.

5. Cando a actividade concertada con terceiras persoas exceda do 20 % do importe da subvención e devandito importe sexa superior a 60.000 €, o contrato deberá subscribirse por escrito e ser autorizado previamente polo órgano concedente. Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir os requisitos anteriores.

Artigo 19. *Solicitud de pagamento e xustificación*

1. O prazo para presentar a solicitude de pagamento e a documentación xustificativa da subvención finaliza o 29 de novembro de 2024.

2. A solicitude de pagamento (anexo II) deberá presentarse a través da Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando a acción *“achega de documentación separada da solicitude”*.

3. De acordo co indicado nos artigos 52 a 55 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establécese o réxime de concesión e xustificación a través de módulos.

Deste xeito, fíxanse os seguintes módulos e valores:

- Descrición do módulo: Unha (1) praza de aparcamento
- Importe por módulo: 2.000 euros
- Importe máximo por solicitude: 120.000 euros (60 módulos)

4. Xunto coa solicitude de pagamento, a persoa beneficiaria da axuda presentará a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas, que incluírá a seguinte documentación:





- a) Certificado emitido por un organismo certificador acreditado, de acordo co establecido no Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello.
- b) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, na que se incluírán planos e documentos gráficos.
- c) Memoria económica que, como mínimo, conterá:
 - A acreditación do número de unidades físicas consideradas como módulos, é dicir, o número de prazas do aparcadoiro que cumpren os requisitos esixidos nas bases reguladoras.
 - A contía global da subvención xustificada.
 - Un detalle de outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

5. De ser o caso, a persoa beneficiaria deberá xustificar o cumprimento das condicións económicas impostas na resolución de concesión de pagamento anticipado na mesma anualidade na que se realizou o dito pagamento.

6. Posteriormente, co obxecto de xustificar que a AESP mantén as condicións impostas na concesión da subvención e a certificación obtida durante un período mínimo de 6 anos, a persoa beneficiaria debe presentar, antes do 29 de novembro dos anos 2025, 2026, 2027, 2028, 2029 e 2030, a seguinte documentación:

- a) Certificado vixente emitido por un organismo certificador acreditado, de acordo co establecido no Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e de ser o caso, resultado da última auditoría realizada.
- b) Memoria na que se xustifique o mantemento das condicións impostas na concesión da subvención.

7. Calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, no seu caso, poderá supoñer a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, total ou parcial, das cantidades previamente abonadas, sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder.

8. De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, non se esixirá ás persoas interesadas que presenten documentos orixinais. A persoa beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente.





9. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa, ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, poderase requirir á persoa beneficiaria que presente unha copia autenticada electrónica.

10. No caso de que a solicitude de pago non se presente en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase á persoa beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días hábiles.

11. A falta de presentación da solicitude de pago ou da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á persoa beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Artigo 20.*Pagamento*

1. O pagamento das axudas, con carácter xeral, realizarase unha vez que o órgano concedente considere xustificada a execución da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento das demais condicións dentro do prazo establecido no artigo 19.

2. De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias das axudas poderán solicitar un pagamento anticipado, que supoñerá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, co límite máximo do 50 % da subvención concedida, naqueles supostos nos que a inversión esixa pagos inmediatos e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Xunto coa solicitude de pagamento anticipado, na que se acredite a necesidade de facer pagos inmediatos para levar a cabo as actuacións inherentes a subvención, a persoa beneficiaria deberá achegar o xustificante de ter constituído unha garantía por importe do 110% da cantidade solicitada. A garantía será liberada unha vez comprobado o cumprimento de todos os requisitos para o pagamento da axuda.





3. En todos os casos, as persoas beneficiarias deberán estar ao día das súas obrigacións coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. No caso de que a persoa beneficiaria se opoña ou denegue expresamente o consentimento ao órgano convocante para solicitar as certificacións, estas deberán achegarse xunto co resto da documentación xustificativa.

4. Cando o custo xustificado da actividade ou investimento fose inferior ao que figura na resolución de concesión, manterase a axuda pero diminuírase proporcionalmente o seu importe, sempre que coa parte realmente executada se poida entender cumprida a finalidade da subvención.

Artigo 21. *Perda do dereito ao cobramento da subvención e reintegro*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento da actuación, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigacións contidas nestas bases reguladoras, das obrigacións contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou na restante normativa aplicable, o que dará lugar, no seu caso, á obrigación de reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de mora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito ao cobramento da subvención e para facer efectivo o reintegro a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

- a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.
- b) Non xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención. Tamén será aplicable no caso de que a actuación xustificada minorara a baremación da axuda, de maneira que coa nova puntuación non resultase concedida no réxime de concorrencia competitiva.





- c) Non someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou de control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en concreto a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas.
- d) Non acreditar estar ao día nas obrigacións fiscais, coa Seguridade Social e coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Non comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións e axudas concorrentes coas percibidas.
- f) Non comunicar ao órgano concedente a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, salvo o establecido no artigo 16.
- g) Non presentar no prazo esixido o certificado válido de rexistro da AESP segundo o estándar proposto polo adxudicatario en cumprimento do Regulamento Delegado (UE) 2022/1012 da Comisión.

4. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, o órgano concedente poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión.

Artigo 22. *Réxime de infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 23. *Fiscalización e control*

1. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade poderá levar a cabo as actividades de comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta orde.





2. No caso de subvencións de capital superiores a 60.000 €, en cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, o órgano concedente realizará a comprobación material do investimento, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración como pola persoa beneficiaria.

3. Sen prexuízo do anterior, o órgano concedente realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados nesta orde. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a persoa beneficiaria á cal se lle entregará unha copia, e presentarlle ao órgano concedente xunto co informe de verificación. A persoa beneficiaria queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado para realizar as actuacións copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

4. Ademais, todas as persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde están sometidas ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, relativo ao control financeiro de subvencións, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas

Artigo 24. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.





3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 25. *Réxime de recursos*

1. As resolucións ditadas ao amparo destas bases poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.
- b) Potestativamente, recurso previo de reposición, que resolverá o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co establecido nestas bases reguladoras, se produza o acto presunto.

Artigo 26. *Transparencia e bo goberno*





1. Deberá darse cumprimento ás obrigacións de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas beneficiarias de subvencións están obrigadas a fornecer á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigacións previstas no título I da citada lei.

Artigo 27. *Publicidade*

1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o órgano concedente incluírá as axudas concedidas ao amparo destas bases e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que coa presentación da solicitude autorízase o tratamento necesario dos datos persoais e a referida publicidade.

2. De acordo co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano convocante publicará as subvencións concedidas ao amparo destas bases na súa páxina web e no *Diario Oficial de Galicia*, e expresará a norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da persoa beneficiaria e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarase no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións.

3. De acordo co establecido no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado, para os efectos de publicar as subvencións concedidas na BDNS, non requirirá o consentimento da persoa beneficiaria.





Artigo 28. *Base de datos Nacional de Subvencións*

1. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS).

A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación de acordo co establecido no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas.

Disposición adicional primeira. *Delegación de facultades*

1. Delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade o exercicio das facultades para resolver as solicitudes de concesión, modificación e pagamento das subvencións previstas nesta orde.
2. Igualmente, deléganse as facultades para recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, e para conceder anticipos, de ser o caso, así como para resolver os procedementos de perda do dereito ao cobramento da subvención e para facer efectivo o reintegro das indebidamente percibidas.
3. As competencias que se delegan mediante esta orde á persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade serán exercidas temporalmente, no caso de ausencia, vacante ou enfermidade, e mentres persistan estas circunstancias, pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica.

Disposición adicional segunda. *Habilitación para o desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade para ditar as instrucións e os actos que sexan necesarios para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2023

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

